



FICHA RESUME

Ano	2009
Plan explotación ⁽¹⁾	PLAN ESPECIFICO DE EXPLOTACIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS
Réxime ⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO
Modalidade ⁽³⁾	MARISQUEO A PÉ

Especies	Ameixa fina (<i>R.decussatus</i>), ameixa babosa (<i>V. pullastra</i>), ameixa xaponesa (<i>R. philipinarum</i>) e berberecho (<i>C. edule</i>)
Ambito do plan	De Punta Rodeira ata a praia de Canabal (zona de produción: Illa dos Ratos) (*) e de Punta Cabalo a Pedra dos Caralletes (zonas de produción: Cunchido e Larache)
Subzonas de explotación	Illa dos Ratos (*) Cunchido e Larache

Mariscadoras/es a pé

Confraría de Cangas, Confraría de Moaña (126), Asociación de mariscadoras de Vilaboa (61) e Confraría de Arcade (102)

Ampliación do número de permex ⁽⁴⁾	Si, nas confrarías de Arcade, Redondela e na Asociación de Vilaboa (baixo condicións)	
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

Calendario de explotación

Días máximos de extracción	<ul style="list-style-type: none"> Illa dos Ratos: pendente de determinar. (*) Cunchido e Larache:50 										
Época y zona probable de extracción ⁽⁵⁾	: de xaneiro a decembro, cunha veda nos meses de maio e xuño.										
Modalidade ⁽³⁾ : A PÉ											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X			X	X	X	X	X	X

	Illa dos Ratos	(*)	Cunchido e Larache
Especies	A pé (kg/mariscadora/día)		A pé (kg/mariscadora/día)
Ameixa fina	Determinarase na apertura mensual		1kg
Ameixa xaponesa	Determinarase na apertura mensual		8 kg
Ameixa babosa	Determinarase na apertura mensual		-
Berberecho	-		3 kg

Artes a empregar	Sacho, legón, angazo
------------------	----------------------

Puntos de control	Zona de traballo polas entidades asociativas e lonxas das confrarías ou asociacións.
-------------------	--

(*) Modificado por Resolución do 17 de abril de 2009 de recurso potestativo de reposición



Puntos de venda	Lonxas de Vigo e das entidades autorizadas
-----------------	--

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Epoas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas:												

Consideracións ⁽⁹⁾

As zonas do presente plan ata o ano 2008 estaban incluídas no plan de explotación de marisqueo a pé presentado pola Asociación de confrarías da ría de Vigo. Sen embargo este ano a entidade non realizou proposta de plan, senón que foron as distintas entidades asociativas con colectivos de mariscadoras a pé as que presentaron individualmente plans de explotación, cos seguintes solapamentos entre zonas de traballo:

- Na confraría de Arcade e na Asociación de mariscadores de Vilaboa, o ámbito do plan coincide entre Punta Cabalo e Pedra dos Caralletes.
- A confraría de Moaña solicita traballar nos bancos de Calera e Aradoiro, que están incluídos no ámbito do plan presentado pola Asociación de mariscadores de Vilaboa.
- A confraría de Moaña solicita traballar na Illa dos Ratos e praia de Canabal, incluídas no ámbito do plan presentado pola confraría de Cangas para marisqueo a pé.

Ante a falta de acordo entre as entidades polos ámbitos dos plans de explotación ou zonas de traballo, e considerando que:

1. A explotación dos bancos incluídos no ámbito deste plan pode mellorar co aproveitamento dos colectivos que tradicionalmente traballaron neles, a través da aplicación de medidas de xestión, e quedando garantidos os dereitos das mariscadoras afectadas .
2. O alcance xurídico da determinación do ámbito territorial afecta unicamente á determinación

(*) Modificado por Resolución do 17 de abril de 2009 de recurso potestativo de reposición



do territorio para a afiliación dos membros das confrarías, non tendo a consideración de dereito preferente para a explotación dos recursos mariños ou marisqueiros, agás nos casos que legalmente se lle atribúa outro alcance, segundo se establece no artigo 46.5 do Decreto 261/2002, do 30 de xullo. Tódolos plans de explotación foron presentados para zonas de libre marisqueo.

As zonas mencionadas serán xestionadas, mentres non exista un acordo sobre os ámbitos dos plans, de acordo co establecido na Orde que aproba a Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2009, con cuas medidas de xestión (recollidas nesta ficha) se pretende acadar unha óptima produción. As aperturas mensuais do plan de explotación serán autorizadas pola Delegación Territorial, previa petición conxunta das entidades interesadas na extracción segundo as coincidencias de zona de traballo sinaladas anteriormente. As peticións conxuntas efectuadas para cada zona indicarán os días, especies e topes de captura, nº de mariscadoras, así como puntos de control establecidos.

A **subzona de Cunchido e Larache** na que traballan as mariscadoras da confraría de Arcade e da Asociación de mariscadoras de Vilaboa, trátase dun área importante para a ameixa fina e xaponesa. Tendo en conta a evolución da campaña no ano 2007 apróbanse os seguintes días de extracción e topes de captura, que poderán ser modificados segundo os datos das mostraxes que se realicen na zona.

- Días máximos autorizados: 50
- Especies: ameixa fina, ameixa xaponesa e berberecho.
- Topes de captura: 1 kg/mariscadora/día de ameixa fina, 8 kg/mariscadora/día de ameixa xaponesa e 3 kg/mariscadora/día de berberecho.

A Subdirección Xeral de Gardacostas remitiu á Delegación Territorial en Vigo un informe relativo á posición das marcas que delimitan as zonas de marisqueo a pé e a flote incluídas no ámbito territorial da confraría de Arcade, que deberán ser respectadas para toda a zona balizada.

(*) Subzona de Aradoiro e Calera na que traballan as mariscadoras da Asociación de Vilaboa e da confraría de Moaña. Esta zona pasa a integrarse dentro do plan aprobado para a Asociación de Mariscadores Pedra de Olveira de Vilaboa, quedando **condicionado a que se respecten os dereitos das mariscadoras de outras zonas que traballan nela.**

Subzona de Illa dos Ratos. Esta zona, tradicionalmente traballada pola confraría de Moaña, foi solicitada este ano dentro do plan de explotación presentado pola confraría de Cangas. Ao contrario do que sucede co resto das zonas non se dispón de datos de capturas diferenciadas, polo tanto as medidas de xestión estableceranse en base aos datos de seguemento que se obteñan a partir de agora, así como aos obtidos na realización de avaliacións biolóxicas. As especies autorizadas e os topes de captura estableceranse en cada apertura. O número máximo de días determinarase en función da evolución da campaña.

A gancha a pé non está incluída nas artes de marisqueo a pé, de acordo co establecido no artigo 118º do Decreto 424/1993, de 17 de decembro, polo que o seu emprego require da aprobación dun plan experimental.

Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente á Delegación Territorial, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PESCA

E ASUNTOS MARÍTIMOS

Dirección Xeral de Recursos Mariños

Rúa do Valiño, 63-65 – San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 007 – Fax 981 545 025

datos do mes completo anterior **de cada entidade**, especificando as persoas que traballaron e as capturas/mariscadora.

- (1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de...,
- (2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo
- (3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea, con subministro de aire
- (4): Indicar en negrita o que corresponda
- (5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15....
- (6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día,....
- (7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos
- (8): Marcar un X no recadro do mes correspondente
- (9): Este apartado corresponderalle cubriilo á administración